



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

INFORME SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2019

En execución das directrices e criterios do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de data 1 de agosto de 2018 relativas a formación do estado de gastos, ingresos, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para a formación das Liñas fundamentais do Orzamento do ano 2019, elabóranse os devanditos estados, xustificando en cada caso a obtención das contías de cada un dos capítulos dos estados de gastos e ingresos e da situación do endebedamento, sempre tendo en conta a información dispoñible a esta data.

Normativa

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Directiva 2011/85/EU, do Consello, de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Guía do Ministerio de Facenda para dar cumprimento a remisión de información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 1 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Antecedentes

O Ministerio de Facenda, abriu a plataforma para a remisión da información sobre as liñas fundamentais do orzamento do ano 2019, permanecendo en estado de incorporación de información ata as 24,00 horas do día 14/09/2018.

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, en adiante (LOEoSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (agora Ministerio de Facenda), información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro defínese máis abaixo, que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Contido da información a subministrar

As liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea e polo menos a seguinte información:

- Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean.
- Saldo orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculado conforme a normas do sistema europeo de contas.
- Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 2 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

- d) Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.
- e) Modificacións significativas nos criterios de orzamentación que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.
- f) Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do plan orzamentario a medio prazo establecido no artigo 6 da devandita Orde. No caso de producirse tales diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada relativa ao devandito plan orzamentario.
- g) O estado de previsión de movemento e situación da débeda.
- h) O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda.

Principios básicos das liñas fundamentais do orzamento.

O Orzamento basease no cumprimento de forma integrada dos seguintes principios:

Equilibrio Orzamentario: Os recursos que se xeren teñen que ser suficientes para financiar os gastos de cada exercicio económico.

Estabilidade Orzamentaria: A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos do Concello de Vigo deberán dar como resultado unha situación de equilibrio ou superávit estrutural.

Sustentabilidade Financeira: Entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na LOEoSF, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Enténdese que existe sustentabilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago aos provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 3 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142
Planificación económica: As políticas de gasto público deberán encadrarse nun Plan de planificación plurianual, programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Planificación orzamentaria basearase no escenario marco-orzamentario máis probable ou nun escenario máis prudente. Sobre este extremo, xa foi remitido nos prazos legais previstos o Marco Orzamentario do período 2019-2021 e asinado en data 14/03/2018, nº rexistro 2018-00166121-E , sobre o que se sustancia agora as liñas fundamentais do orzamento.

Perímetro de consolidación

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

Entidade local principal .

Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.

Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local. En este sentido no Inventario de Entes do Sector Público, o Concello de Vigo ten como entes dependentes os Organismo Autónomos seguintes:

Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU).

Así mesmo, o Concello ten unha participación minoritaria do 10% na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica crease o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 4 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas, formando parte do perímetro de consolidación do Orzamento da Xunta de Galicia.

No inventario de entes está engadido no perímetro de consolidación a Fundación Museo de Arte Contemporáneo (MARCO), polo que se toma en consideración aos efectos de consolidación de estados.

En consecuencia co anterior, as sociedades mercantís e o CCVV, non forman parte do perímetro de consolidación.

O perímetro de Consolidación establecido para o Concello de Vigo, queda limitado á Entidade Local e o Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e a Fundación MARCO.

O financiamento da Fundación MARCO é maioritariamente a cargo do Concello, financiando case o 70% do seu orzamento, polo que, a consolidación non vai ter repercusión algunha, xa que hai que anular a transferencia corrente que se fai á Fundación.

Aínda estando actualmente no Inventario de Entes do Sector Local e cualificada como un ente dependente do Concello de Vigo, formando parte do seu perímetro de consolidación, non se inclúe a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) por estar a esta data en proceso de liquidación acordada polo Patronato por imperativo legal (apartado 2 da Disposición adicional 9ª da Lei 7/1985, pola modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro), proceso que xa levou ao despedido dos traballadores e que ten que rematar neste ano, quedando polo tanto xustificada a non inclusión da mesma nas liñas fundamentais do orzamento para o ano 2019, xa que non ten orzamento aprobado para o ano 2018 e tampouco o terá para o ano 2019, estando a esta data pendente da resolución xudicial sobre a indemnización dos traballadores.

Obxectivos de cumprimento da regra do gasto, estabilidade e endebadamento, trienio 2019-2021

Conforme ao previsto no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o Consello



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 5 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

de Ministros en sesión do 20 de xullo de 2018, fixou os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2019-2021 e o límite de gasto non financeiro do SPL para o devandito período.

Proposta elevada ao Pleno Congreso dos Deputados celebrado o 27 de xullo de 2018 que foi rexeitada.

De momento prorrogáranse as obxectivos do Acordo de 7 de xullo de 2017 polo que se establecían os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública referidos ao período 2018-2020. No entanto, o artigo 15.6 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria establece que, despois do rexeitamento das Cortes ao teito de gasto, o Goberno ten que volver remitir un novo acordo nun prazo máximo dun mes.

Subsectores	Obxectivo estabilidade, % sobre PIB (±). Proposta rexeitada polo Congreso o 27/07/2018			Obxectivo estabilidade (±), % sobre PIB. Prórroga 07/07/17		
	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Administración Central	-0,40%	-0,10%	0,00%	-0,70%	-0,30%	0,00%
Seguridade Social	-1,10%	-0,90%	-0,40%	-1,20%	-1,10%	-0,50%
Comunidades Autónomas	-0,30%	-0,10%	0,00%	-0,30%	-0,10%	0,00%
Entidades Locais	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Total	-1,80%	-1,10%	-0,40%	-2,20%	-1,50%	-0,50%

Subsectores	Débeda segundo PDE, % sobre PIB, proposta rexeitada			Débeda segundo PDE, % sobre PIB, prórroga		
	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Administración Central e Seguridade Social	70,10%	68,90%	67,20%	70,90%	69,70%	67,70%
Comunidades Autónomas	23,70%	23,00%	22,20%	24,00%	23,10%	22,30%
Entidades Locais	2,30%	2,20%	2,10%	2,70%	2,60%	2,50%
Total	96,10%	94,10%	91,50%	97,60%	95,40%	92,50%

Subsectores	Taxa de Referencia de crecemento da economía española a MIP (TRCPIB) , proposta rexeitada			(TRCPIB) sobre PIB, prórroga		
	2019	2020	2021	2018	2019	2020
Entidades Locais	2,70%	2,90%	3,10%	2,40%	2,70%	2,80%



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 6 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Taxa de variación do PIB Proposta Consello de Ministros 20/07/ Consello de Ministros 7 de xullo de 2017			
	2017	2018	2019
	3,10% (Real)	2,70% (prevista)	2,40% (prevista)
	3,00% (prevista)	2,60% (prevista)	2,50% (prevista)
			2,20% (prevista)
			2,40% (prevista)
			2,10% (prevista)

Orzamento de partida aos efectos de fixar as liñas fundamentais

Ao obxecto de dar cumprimento á información solicitada, pártase da Liquidación Orzamentaria do ano 2017, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 15/02/2018 (Expediente 73/143), da que se deu conta ao Pleno na Sesión do 28/02/2018, que xa foi enviada ao MINHAP, e do Orzamento para o ano 2018 aprobado con carácter definitivo polo Pleno da Corporación en sesión do 27/12/2017, sendo polo tanto as bases de cálculo citadas un instrumento obxectivo, sempre dentro da variación da TRCPIB para o ano 2019 que está fixada no 2,7% en relación co ano 2018.

O procedemento de elaboración será a Liquidación do orzamento do ano 2017, sobre o que se aplica a TRCPIB₂₀₁₈ (2,4%) e sobre esta, a TRCPIB₂₀₁₉ (2,7%).

Coa excepción da variación tendencial do gasto e dos ingresos e os convenios vixentes en materia de cofinanciamento, non se adoptaron a esta data, decisión algunha que supoña un aumento ou redución do gasto, nin supresión de organizacións ou organismos (Por acordo do Pleno en sesión de 26/10/2015, disolvéronse os OO.AA Instituto Municipal dos Deportes, Escola Municipal de Artes e Oficios e Parque das Ciencias Vigo Zoo), a esta data, está en fase de Liquidación a Fundación Intermunicipal da Enerxía (FAIMEVI). Tampouco hai axustes de servizos máis aló daquelas diferenzas que xurdiron como consecuencia da variación tendencial. A esta data, se reflicten nas liñas fundamentais, a notificación de dúas sentenzas que se cuantifican cos xuros devengados en 759.361,63 euros, que non estaban reflectidos no Marco Orzamentario.

Ao marxe de cal sexa o resultado do procesos que se están a tramitar, se vai a reflectir o contido do artigo 69 da Lei 2/2017 de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, en relación co réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar polos Concellos e Mancomunidades en materia de escolas infantís e centros de día.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 7 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Competencia para a aprobación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2019

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, e será aprobado por la Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión de Orzamentos e Facenda.

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro da TRCPIB e do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente, aínda que se deberá dar conta ao Pleno da Corporación, por ser este o órgano que ten competencia para aprobalos, aínda que esta dación de conta non é vinculante.

En execución dese mandato legal, elaboráronse as liñas do orzamento que agora van ser sometidas á aprobación.

Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, as liñas fundamentais do orzamento do ano 2019.

Criterios tidos en conta para a formación liñas orzamentarias

As liñas fundamentais do orzamento da entidade local fórmense para todo o Grupo de Consolidación, para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de: Entidade local principal. Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal. Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais e estean sectorizados como Administración Pública.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 8 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

En relación co estado de Gastos

Non hai modificacións significativas nos criterios de orzamentación que dificulten unha comparativa homoxénea co exercicio precedente, coa excepción de reflectir no Orzamento do ano 2019 as anualidades correspondentes ao Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro. O financiamento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%. Tamén quedan reflectidos os convenios viventes con outras Administracións, Estatal, Autonómica e Provincial en relación co cofinanciamento de infraestruturas.

En canto ás variacións en relación co previsto no marco orzamentario de medio prazo, hai que salientar as seguintes:

- As asociadas a actualizacións das retribucións dos empregados públicos, que supón un incremento no capítulo 1 do 3,2% nas liñas fundamentais, mentres que o Marco Orzamentario de Medio Prazo tiña previsto o 1%.
- As variacións no capítulo 2, como se mencionaron, teñen causa nas sentenzas citadas e en axustes no prezo de algún contrato por novas licitacións ou modificacións incorporadas (Programa socio-educativo apoio familiar, novo contrato con Air Nostrum, contrato de RSU e LV, Renting de equipos de bombeiros, novo contrato de alumeado e animación do nadal).
- Nos axustes de anualidades de investimentos do capítulo 6 do estado de gastos.
- O orzamento que conformaba o Marco Orzamentario reflectía unha contía total de 250,1 millóns, mentres que as liñas fundamentais están a reflectir 255,6 millóns de euros.
- A variación por excelencia no capítulo de investimentos é a contía axustada relacionada co convenio asinado entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e o Concello para a execución do proxecto do túnel da Rúa Lepanto e acceso á Estación do AVE, así como as obras de retirada do acceso superior da Rúa Alfonso XIII.
- En canto a variación no capítulo 7 do estado de ingresos, tamén ten causa no mesmo proxecto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 9 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Capítulos	Gastos en millóns		Ingresos en millóns	
	Marco orzamentario	Liñas Fundamentais	Marco orzamentario	Liñas fundamentais
1	70,70	72,24	108,90	108,96
2	122,90	124,50	10,16	8,50
3			41,20	39,60
4	27,60	27,60	76,55	78,20
5			2,40	3,00
6	26,50	28,80		
7	,95	1,17	10,20	16,60

Segundo Guía do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, os gastos do ano 2019 tomaranse segundo as dotacións iniciais, mentres que as do ano 2018, faranse tendo en conta as previsións de obrigas que se van a recoñecer. É dicir, para o ano 2018, segundo o formulario F.2.1.2, debe facerse a proxección da Liquidación do estado de gastos, mentres que para o ano 2019 son as dotacións iniciais. A heteroxeneidade dos criterios, vai amosar unha contía superior en ingresos tendo en conta a previsión de Liquidación coñecida a esta data con todos os padróns aprobados que as previsións iniciais do ano 2019. En sentido contrario, hai unha estimación de obrigas recoñecidas na previsión da Liquidación do ano 2018 por contía inferior cos créditos iniciais previstos para o ano 2019.

A variación do gasto e a proxección das obrigas recoñecidas do orzamento ao período 2018-2019, está a respectar a TRCPIB, polo tanto, en ningún caso a variación non só non excede esa marxe, senón que se mantén por debaixo, baseando a variación sempre sobre a Liquidación do Orzamento do ano 2017 e a prevista para o ano 2018.

As variacións que se conteñen na formación das liñas fundamentais do orzamento do ano 2019, teñen base nas directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda que forman parte do expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 10 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc.

As previsións de liquidación do orzamento do ano 2018, ten a súa orixe nas porcentaxes de obrigas recoñecidas nos últimos cinco anos. Ademais do histórico, tamén se toma en consideración as obrigas recoñecidas a esta data así como os expedientes en trámite correspondentes aos investimentos e as previsións de obrigas que en cada caso se poden xerar ao longo do ano 2018, de aí que a base de cálculo que se está a ter en consideración, é unha base obxectiva con un alto grado de certeza.

Gastos do capítulo 1 (Gastos de persoal)

A Lei 6/2018, de 7 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, aprobada polo Congreso dos Deputados o 28 de xuño de 2018, publicada no BOE nº 159 de 2 xullo de 2018, no seu artigo 18, regula a actualización dos salarios dos empregados públicos para o devandito ano.

En relación cos orzamentos vixentes para o Concello de Vigo, aprobados con carácter definitivo polo Pleno da Corporación en sesión do 27 de decembro de 2017, os gastos do capítulo I para o ano 2018, tiveron unha previsión inicial de crecemento do 1%. A Resolución de 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo publicadas no BOE nº 74, de 26 de marzo, establece unha actualización das retribucións do 1,75% para o ano 2018 (1,5% fixo e 0,25% en función de si se alcanza o crecemento do PIB no ano 2017 previsto, que era do 3,1%, que se alcanzou). Este 0,25%, terá efectos a partir do 1 de xullo.

A Lei 6/2018 establece as contías das retribucións do sector público estatal nas que só se reflicte o incremento do 1,5 por cento, pero non as que se derivan da porcentaxe adicional de incremento, que estaba supeditado ao cumprimento das condicións que sinala a Lei e á súa aprobación polo Consello de Ministros, o que se produciu con data 17 de xullo de 2018. Por Resolución de 17 de xullo de 2018, conxunta da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos e a Secretaría de Estado de Función Pública, se ditan instrucións sobre o pago ao persoal do Sector Público Estatal dos atrasos correspondentes ao incremento do 1,5 por cento e ao incremento adicional do 0,25 por cento previstos na Lei 6/2018, de 7 de xullo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 11 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Sobre a mesma, aplicase un crecemento fixo do 2,25% para os anos 2019-2020 e 2% 2021.

En canto ao incremento variable, no ano 2019, fíxase nun 0,25% adicional sempre e cando se alcance un crecemento do PIB do 2,5%, que será axustable á baixa en función da porcentaxe da variación do PIB en relación co obxectivo do 2,5%. Segundo as previsións da Comisión Europea, a variación á alza do PIB para os anos 2018-2019 é do 2,9% e 2,7% respectivamente, aínda que a previsión do Goberno é do 2,4% ou 2,5% segundo se tome a dada, a dada no CPFF do día 19 de xullo de 2018 ou a prevista polo Goberno anterior, polo que, tendo en conta a previsión de variación do PIB, hai que considerar unha variación nas retribución dos empregados públicos para o ano 2019 do 2,5%, aínda que, a porcentaxe que está vinculada ao cumprimento do obxectivo do PIB, e o seu devengo será a partir do 1 de xullo do ano 2019.

En consecuencia, a variación do capítulo 1 en relación co orzamentado no ano 2018 será:

Base do ano 2018*1,0075*1,025, un 3,27%.

A actualización non será imputable a todas as aplicacións deste capítulo, quedando excluídas as seguintes: (2210.1600800, 2210.1620400, 2210.1610400, 2410.1310000, 2410.1310001, 2410.1310002, 9200.1210300, 9200.1310010, 9200.1410000, 9200.1500000, 9200.1510000, 9200.1620500 e todas as partidas económicas 1620000).

Tamén será obxecto de axuste o que legalmente se estableza pola variación na base de cotización a continxencias xerais, xa que pode ser maior ca prevista para a revisión das retribucións dos empregados públicos, ademais, tamén se terá en conta as variacións nas bases de cotizacións que afectan ao corpo de extinción de incendios e da Policía Local, que tendo en conta a posible xubilación anticipada, dará lugar a un aumento na base de cotización.

En relación coa base de cotización da policía local, a Disposición adicional centésima sesaxésima cuarta da Lei 6/2018, de PXE para o ano 2018, establece que en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos membros dos corpos de Policía Local ao servizo das Administracións Locais, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por continxencias comúns, tanto para a Administración como para o funcionario, a partir da entrada en vigor da norma regulamentaria pola que se estableza o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dese colectivo.

O tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 10,60 por cento, do que o 8,84 por cento será a carga da administración e o 1,76 por cento a cargo do funcionario.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 12 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Tendo en conta as directrices do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, mantéñense os programas de emprego vinculados as mulleres vítimas de violencia de xénero, así como aqueles destinados á primeira experiencia laboral e o previsto para o apoio na xestión do Programa DUSI.

A aplicación 9200.1430001 que reflicte a dotación para as relacións laborais indefinidas, conterà a contía necesaria para facer fronte ao gasto de todo o exercicio orzamentario e terase en conta para o cálculo do custe da Seguridade Social a cargo da Entidade.

A aplicación orzamentaria 9200.1400000, terá un crédito en todo momento que de cobertura a totalidade dos contratos vixentes, polo que a súa orzamentación inicial será adecuada aos contratos vixentes a 1 de xaneiro do ano 2019.

En consecuencia co anterior, tendo en conta os axustes de adecuación de postos do ano 2018, a variación non será superior ao 3,3%.

En relación coa execución da Taxa de Reposición de Efectivos (TRE), estarase ao previsto na Lei de Orzamentos do Estado, aínda que a execución da mesma non suporá un aumento de dotacións orzamentarias, xa que se fará con cargo a postos vacantes que cumpran a condición da TRE. Estímase que se manterá unha TRE equivalente a do ano 2018: unha taxa do 100% máis un 10% adicional se se cumpren os requisitos de estabilidade e non hai débeda financeira. Para a Policía Local a será do 115% da TRE.

Tamén se incorporan dotacións para facer fronte aos gastos de xestión do Programa Operativo DUSI, así como programas específicos da primeira experiencia laboral para menores de trinta anos e outro programa para vítimas da violencia de xénero.

As dotacións para facer fronte aos custes dos cargos electos por dedicación exclusiva, estarase ao disposto no artigo 75bis da LBRL, que deberán ter en conta o seu numero máximo previsto no artigo 75ter da LBRL. Ademais deberase respectar o número de persoal eventual previsto no art. 104Bis.

Gastos do capítulo 2 (Gastos en bens correntes e servizos).

Neste capítulo prodúcese unha variación á alza como consecuencia da entrada en vigor no mes de abril do ano 2018 do novo contrato de Recollida de Residuos Sólidos Urbanos, Limpeza Viaria, Mantemento e reposición de contedores e Recollida Selectiva de Lixo e o incremento entre outros do contrato de mantemento de xardíns e parques infantís pola incorporación de novas superficies, o novo contrato de programa socio-educativo e apoio



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 13 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142
familiar, novo contrato de equipamento de material especial para bombeiros, o programa de promoción da cidade, o contrato de servizos de decoración do nadal e animación comercial, Sentenzas en relación con indemnizacións urbanísticas, así como os axustes en aquelas prestacións que están suxeitas á variación de algún índice (PIB, Convenios laborais, etc). A súa dotación, deberá incluír a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramite, tendo en conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato.

Tendo en conta as directrices do Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, o incremento esperado no superará o 2,1% en relación coa dotación do ano anterior.

Hai que ter en conta que a variación que se está a fixar en relación ao ano 2018, é sobre os créditos iniciais, non sobre a liquidación prevista.

Así mesmo, o conxunto dos empregos non financeiros deberá estar dentro do acordado en relación coa Taxa de Referencia de crecemento do Produto Interior Bruto da Economía Española a medio prazo (TRCPIB), que para o ano 2019 quedou fixada no 2,7%, porcentaxe que se avaliará na fase procedimental que corresponda tendo en conta o previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012.

Non está previsto a incorporación de novos servizos, polo que, a variación cuantitativa está relacionada coa mellora na intensidade e calidade na prestación dos servizos vixentes

CAPÍTULO 3 (Gastos financeiros).

Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías. Non hai que facer dotación algunha xa que o Concello non ten débeda financeira, polo que non hai devengo de xuros por préstamos. Dado a súa contía, non se ten en consideración.

CAPÍTULO 4 (Transferencias e Subvencións correntes).

As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes, engadindo, entre outras, as transferencias de funcionamento as Fundacións, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 14 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Urbanismo, Mancomunidade de Municipios da Área de Vigo, Entidade Menor de Bembrive, subvención aos usuarios do transporte público colectivo, Becas de comedor e libros, Axudas de emerxencia, Axudas para alimentos, alugueiros e carencia enerxética, axudas ao deporte, axudas a creación e fomento do emprego, axudas a colectivos culturais, axudas a creación de emprego, axudas a creación de empresas...

En relación coa XMU, hai que incrementar a transferencia na contía que supón a actualización das retribucións do persoal, o que supón un incremento na transferencia de financiamento de 116,6 mil euros.

Neste capítulo están as subvencións a actividades ou estímulo concretos e noutros casos, son transferencias de funcionamento, como é caso do Organismo Autónomo, Fundacións, Mancomunidade, Entidade Menor de Bembrive. Pola súa importancia, a maior contía corresponde á subvención aos usuarios do Transporte urbano colectivo, que tendo en conta a condición de usuarios descoñecidos, o prezo de billete é único para todos os usuarios, e se subvenciona unha parte do custe a determinados colectivos por razóns de rendas e outras causas. A relación das máis importantes son:

Aplicación	Concepto	Importe	Aplicación	Concepto	Importe
4410.4700000	Lanzadeiras Universidade	1.300.000,00	3410.4890016	Escola F. base Celta de Vigo	295.000,00
4410.4700001	Subvención billete	11.300.000,00	9420.4680000	Transferencia de financiamento EM.Bembr.	279.000,00
2310.4800002	Axudas alugueiro, alimentos c. enerxética	1.640.000,00	9420.4630000	Transferencia a MAIV	264.687,00
2410.4800000	Axudas a creación emprego	1.150.000,00	4320.4800000	Promoción Illas Cíes, P. Humanidade	250.000,00
2310.4810000	Becas comedor e libros	1.200.000,00	3380.4700001	Convenio Marisquiño	218.500,00
2310.4800000	Fondo de emerxencia social	842.000,00	3230.4510000	Cofinanciamento E. Infantis Xunta	205.000,00
3410.4890000	Axudas deporte base	850.000,00	4320.4890000	Aportación Fijfundación C. Bureau	200.000,00
3260.4890001	Convenio FOAMPA, comedores	606.039,31	3231.4890000	Aportación UNED	200.000,00
2410.4890002	Convenio de integración laboral ERGUETE	540.000,00	4320.4800000	Convenio cultural As. corais	195.000,00
3331.4700002	Convenio promoción cultural P. Congressos	500.000,00	3340.4800008	Aportación mantemento PTL Valadares	180.000,00
2310.4510000	Cofinanciamento C. de día	350.000,00	1532.4890000	Convenio Bandas de MÚSICA	170.000,00
3231.4800000	Convenio UVIGO	350.000,00	3340.4800010	Becas Escola Oficial idiomas	175.000,00
Subtotal		20.628.039,31			2.632.187,00
Total			23.260.226,31		

Quedan explicadas o 83,74% da totalidade deste capítulo dos estados consolidados



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 15 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Non hai previsións de variación neste capítulo, polo que as pequenas variacións non serán superiores en $\pm 0,60\%$ en relación co ano 2018, sempre en termos de estados consolidados.

Expediente 56/142

Capítulo V (Fondo de Continxencia).

Está destinado a reflectir o Fondo de continxencia que ten a súa regulación, no artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, destinárase cando cumpra, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no Orzamento inicialmente aprobado, que poidan presentarse ao longo do exercicio, a súa regulación está prevista na Base 5 bis das de Execución do Orzamento. Non ten variación en relación co ano 2018. Pola contía da súa dotación, farase axuste de inexecución, xa que non se prevé continxencia algunha.

Como o Concello non está suxeito a ningún plan de axuste nin está acollido a ningún fondo dos previstos no Real Decreto Lei 17/2014, non está fixada unha porcentaxe. De concorrer as circunstancias anteriores, a dotación tería que ser do 1% sobre o gasto non financeiro, que estaría a representar unha contía de 2,6 millóns de euros.

CAPÍTULO 6 (Investimentos reais).

A cobertura con financiamento propio para os empregos en investimentos reais representa unha porcentaxe enteiro ao 5,5% dos empregos correntes non financeiros. Ao financiamento propio, hai que engadir o cofinanciamento doutras administracións a proxectos de investimento concretos, polo que este capítulo estará a representar unha porcentaxe do 13,33% dos empregos correntes non financeiros.

Nos investimentos anuais téñense en conta a anualidade prevista para facer fronte ao programa de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro. O financiamento que lle corresponde ao Concello é o 20% e ao FEDER o 80%. Os programas vinculados ao programa son:

Servizo de Administración electrónica (OT2), para o desenvolvemento integral da administración electrónica regulada na Lei 39 e 40/2015 e na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Área de Benestar social (OT9), con programas de integración de acordo ao plan financeiro obxectivos e liñas de actuación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 16 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Área de Economía e Emprego (OT9).

Área de Fomento (OT4 e OT6), que abarca operacións de eficiencia enerxética, mobilidade, accesibilidade....

Tamén son obxecto de incorporación ao orzamento, os convenios asinados ata a data con outras administracións, con especial referencia á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra en relación co carril Bici Teis-Samil, novas infraestruturas deportivas así como melloras en outras, mellora en campos de fútbol, mellora de infraestruturas viarias, e co Ministerio de Fomento para as obras do túnel da Rúa Lepanto e acceso á estación do AVE polas anualidades que correspondan ao ano 2019, que cofinancia o Ministerio, a Xunta de Galicia e o Concello.

Asi mesmo, incorporaranse as anualidades dos gastos plurianuais dos investimentos financiados con financiamento propio que tiveron o seu inicio no ano 2018 ou anteriores.

Fanse os axustes anuais en función do prazo de execución dos proxectos e o seu estado de tramitación, polo que, é necesario reaxustar algunha anualidade ao ano 2020.

O capítulo 6, de investimentos reais, axusta a súa dotación ao Plan de Actuación de Inversión e Financiamento incorporado ao Orzamento do ano 2018, tendo en consideración os axustes xerados pola tramitación do expediente 54/142, correspondente á modificación orzamentaria número 29/2018, na que se tramitou a aplicación do superávit SEC-2010 correspondente á Liquidación Orzamentaria do ano 2017, na que se anticipou o financiamento de determinados proxectos que tiñan a súa anualidade prevista para o ano 2019, que pola súa contía, relaciónanse as seguintes:

Xestor	Programa	P. econ.	Proxecto	IFS de aplicación	Importe
Fomento	1532	6190071	18153271	Fase 3 humanización Gregorio Espino	1.412.001,94
Fomento	1532	6190072	18153272	Humanización fase 5 Rúa Aragón	1.033.308,31
Fomento	1532	6190073	18153273	H. Rúa Camelias entre J.R. Jimenez e Hispanidade	2.165.000,00

O plan de investimentos consolidado vai estar nunha marxe dos 28-29 millóns de euros.

Quedan cubertos todos os compromisos plurianuais dos que se ten coñecemento.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 17 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

CAPÍTULO 7 (Transferencias e subvencións de capital).

A dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV, o Convenio co Ministerio de Cultura para os investimentos de mellora na Muralla do Castro por un importe de 250.000 euros, (sempre e cando se acomode neste capítulo, de non ser así, habería que presupostalo no capítulo de investimentos). Se fose co caso, tamén se incluíría aquí ou no capítulo 6 o convenio si conclúen favorablemente as negociacións entre o Concello e a Administración do Estado para a rehabilitación do Pazo da Raposeira, axudas a novas ou melloras de instalacións deportivas e axudas para a mellora de infraestrutura de inmobles das asociacións sen ánimo de lucro.

Tendo en conta que a contía reflectida no ano 2018 é de 931 mil euros, a variación que se produza terá unha repercusión porcentual importante, polo que aplicando os criterios previstos, a variación é dun 25-26%.

CAPÍTULO 8 (Activos financeiros).

Os activos financeiros están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en gastos; manténdose a dotación do ano anterior.

CAPÍTULO 9 (Pasivos financeiros).

Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas.

Este capítulo non está reflectir contía algunha despois da amortización total da débeda financeira.

A variación total que se prevé do proxecto de orzamento 2019 en relación co ano 2018, será dun 1%.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 18 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

En relación co estado de ingresos.

Consideracións xerais.

Hai que diferenciar dúas liñas en relación cos ingresos. Por un lado, as previsións de ingresos derivadas dunha evolución tendencial, é dicir, previsións baseadas en políticas non suxeitas a modificacións. A modo de exemplo, poden citarse as estimacións vinculadas á evolución da actividade económica ou as vinculadas á actividade urbanística, é dicir, non son o resultado de decisións endóxenas.

Por outro, as previsións derivadas de medidas por políticas previstas para o período: se tipifican unha serie de medidas sobre as que se deberá cuantificar o seu impacto e o seu criterio de adopción (aprobadas e aplicadas/aprobadas pero pendentes de aplicar/previstas).

En relación cos ingresos, hai diferenzas nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do plan orzamentario a medio prazo establecido no artigo 6 da Orde HAP/2105/2012.

No marco orzamentario de medio prazo (2019-2021), o estado de ingresos non tiña prevista operación de débeda, manténdose ese criterio nas liñas fundamentais do orzamento.

As Ordenanzas fiscais en trámite non prevén a actualización de tipos, mentres os indicadores macro anuais experimentan unha variación a alza:

O acordo de Consello de Ministros do 20 de xullo de 2017, no que se aprobaron e propuxeron para ser informadas as Cortes Xerais (Pleno de Congreso e do Senado de data 27 e 30 xullo), as medidas de especial interese e transcendencia para o Sector Público (obxectivo de estabilidade orzamentaria, taxa de variación do Produto Interior Bruto da economía Española a medio prazo e endebedamento), fixéndose unha variación da regra fiscal de gasto para o ano 2019, tendo en conta TRCPIB, do 2,70%.

A variación prevista do PIB para o ano 2019, que debería ser a que se tivese en conta para a variación dos tipos aplicables ás distintas figuras tributarias, segundo as previsións do Goberno, 2,7% para o ano 2018, 2,4% para o ano 2019 e 2,2% para o ano 2020, segundo as previsións de Funcas, 2,8% para o ano 2018 e 2,4% pra o ano 2019. As do Banco de España son do 2,7% e 2,3% respectivamente. O FMI tamén incrementou esta previsión ata o 2,7%. A Comisión Europea, ten unha previsión do 2,9% e 2,4% respectivamente para os anos 2018 e 2019.

Variación das pensións, 1,6% y 1,5% para os anos 2018 e 2019 respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 19 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Variación del IPC no período maio 2017-maio 2018, 2,1%.

Atendendo á variación destes indicadores, e co obxectivo de manter unha correlación entre os empregos e os recursos, sería razoable o mantemento real dos recursos.

CAPÍTULO 1 (Impostos directos, IBI, IAE, IIVTNU, IVTM, Cesión IRPF).

Os impostos directos comprenden: o Imposto de Bens Inmóbles (IBI), o Imposto de Actividades Económicas (IAE), o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).

A variación que se terá en conta axustarase ao contido das Ordenanzas Fiscais que están en trámite, axustando ademais, os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica. En relación cos tipos aplicables aos impostos directos, non vai haber variación en relación co ano 2018, e a variación cuantitativa que se produza neste capítulo, ten a súa orixe na xestión pola incorporación de novos obxectos tributarios, basicamente no ámbito da xestión catastral.

O Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, no seu artigo 4, establece que a formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. En consecuencia, as variacións que se produzan é consecuencia de novas altas ou revisións dos obxectos existentes.

A variación no padrón e os atrasos previstos, poden representar o 1,6% e relación coas previsións do ano 2018.

En canto as previsións polo IAE e o IVTM, a variación cuantificada pola Dirección de Ingresos é do 1%.

En relación co imposto cedido polo Estado pola recadación do IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHAP, que a esta data non está notificada. Vaise a facer a mesma previsión que os ingresos a conta do ano 2018, facéndose un axuste á baixa do 7%.

Neste sentido, unha vez aprobados os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 pola Lei 6/2018, xa se fixo a regularización anual, polo que, as previsións para o concepto de cesión de IRPF, vaise a axustar aos ingresos a conta.

Tendo en conta as previsións e directrices, a variación total do capítulo 1 vai estar no entorno dunha variación positiva do 1%.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 20 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

CAPÍTULO 2 (Impostos indirectos, ICIO, Cesión IVE e Cesión II.EE).

Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, mantense invariable.

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, sempre tendo en conta as entregas a conta regularizadas no mes de xullo unha vez que entrou en vigor a Lei de Orzamentos do ano 2018.

A variación pola cesión do IVE é dun 1.5%, mentres que os II.EE, teñen unha variación negativa do (1.17%), sendo o seu impacto de pequena contía.

A variación esperada de este capítulo vai estar nun 0,9%-0,95%

CAPÍTULO 3 (Tasas, prezos públicos, ocupación de dominio público, infraccións).

Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, non se prevé variación en relación co ano 2018, xa que as Ordenanzas Fiscais non son obxecto de revisión nin de actualización as taxas nin os prezos públicos.

Os axustes que se fixeron son case todos á baixa, representando unha variación negativa esperada do (0,3%).

CAPÍTULO 4 (Ingresos por transferencias de financiación, subvencións e cofinanciamento de servizos como o SAF e CEDRO).

O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento (FCF) e na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma.

En canto aos primeiros, xa se fixo a regularización anual, polo que, as previsións para o concepto de FCF, vaise a axustar aos ingresos a conta do ano 2018, producíndose un axuste positivo do 1,9%, segundo a regularización feita polo Ministerio de Facenda.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma faise a previsión de acordo as entregas feitas máis a Liquidación. Neste último caso, tendo en conta a liquidación dos anos precedentes, pódese establecer unha previsión de liquidación do 5%, sendo esta a variación que se produce neste concepto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 21 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar, incrementábase tendo en conta o aumento das horas de servizo que se van a prestar, os ingresos recibidos ata a data e o histórico dende a modificación das horas de prestación, o incremento por este concepto cuantifícase en 700 mil euros.

Para o servizo do CEDRO mantense a mesma previsión ca do ano 2018.

A subvención ao transporte público colectivo urbano se prevé a mesma contía ca do ano precedente, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste, salvo que concorra algunha modificación de tipo legal que faga necesario facer algún tipo de axuste.

No convenio coa Deputación de Pontevedra mantense o financiamento da promoción da cidade nos soportes aéreos.

Incorporárase neste capítulo, a achega para actos culturais e festas dos últimos tres anos que figura no contrato da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento.

A variación neste capítulo prevese nun 3,7%.

CAPÍTULO 5 (Ingresos patrimoniais).

Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros. Este capítulo foi obxecto de axustes en anos anteriores en función dos tipos de retribución dos excedentes financeiros. Tendo en conta que os tipos de retribución xa están ofertados polas entidades que se presentaron ao procedemento aberto de contratación para a selección de entidade xestora na recadación, sendo a oferta que resultou seleccionada a que ofertou 20 e 15 puntos básicos por encima do custo efectivo do Estado a tres e 12 meses, polo que o rendemento medio non se prevé mais que 30 puntos básicos, que deberán ser aplicados á previsión que se estableza de saldos medios.

Tamén se imputarán a este capítulo, a explotación por alugueiros do Auditorio Mar de Vigo e Zonas Complementarias. Neste sentido, faise a previsión de acordo aos contratos vixentes. Ademais, tamén se fai a preceptiva dotación no estado de gastos. De producirse algún cambio na titularidade, producirase un menor ingreso pero tamén un menor gasto.

Tendo en conta que este capítulo representa unha porcentaxe pequena dentro do orzamento xeral (1,18% aproximadamente), a variación que se produce pola incorporación dos rendementos da zona complementaria do Pazo de Congressos, pode representar unha variación do 25,6% sobre a previsión do ano anterior.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 22 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

CAPÍTULO 6 (Alleamento de investimentos reais).

Os alleamentos de investimentos reais reflectirán os ingresos polas transaccións das parcelas. As operacións de vendas de PMS, tendo en conta que están inventariadas na XMU, corresponderá ao Organismo Autónomo o seu rexistro. En relación coa venda de bens patrimoniais que se produzan na Entidade Local, se fose o caso, rexistraranse no acto no que se produza a mesma, tramitando a preceptiva modificación orzamentaria no estado de gastos pola contía da venda.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e Subvencións de Capital).

O Capítulo VII de Transferencias e Subvencións de Capital do Orzamento de Ingresos, ten previsto as contías que se corresponden co programa DUSI e cos convenios vixentes coa Deputación de Pontevedra en relación coa humanización da estrada Provincial e humanización da E.P Calvario a Garrida, tramo de Beade a Garrida, Carril Bici Teis-Samil, renovación céspede sintético -electricidade de Campos de fútbol, mellora instalacións deportivas baixo Grada de Río de Balaidos, novas instalacións deportivas en Romil, número 77, construción pavillón polideportivo QUIRÓS, facéndose a previsión da anualidade do gasto correspondente á execución prevista para o ano 2019 segundo os convenios vixentes.

En relación ao Programa DUSI, rexístrase a subvención correspondente aos empregos previstos no Estado de gastos do Orzamento.

O orzamento reflectirá o financiamento do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia en relación co proxecto das obras do Túnel de Lepanto e acceso á Estación do AVE, sendo as contías as previstas no convenio asinado entre as partes. Así mesmo, no estado de gastos, reflectirase as achegas das tres administracións financiadoras do proxecto.

O Capítulo 7, tendo en conta o financiamento de proxectos por outras administracións, a súa contía vai a ter unha diminución en relación co ano 2018 que estará preto ao (10,62%), aínda que representando algo máis do 50% do financiamento do proxectos de investimentos. No entanto, tamén están reflectidos neste capítulo, aquelas achegas DUSI, que financian gastos de emprego, benestar social, persoal, etc.

O financiamento alleo finalista ten a seguinte composición:

Compromisos Adif, túnel rúa Lepanto e acceso á Estación do AVE:	5.209.629,23 euros.
Compromisos Xunta de Galicia túnel rúa Lepanto e acceso á Estación do AVE:	2.209.166,12 euros



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 23 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

6.913.108,44 euros

3.244.381,69 euros

Compromisos Deputación distintos convenios:

Compromisos UE, programa DUSI:

CAPÍTULO 8 (Activos Financeiros).

Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.

CAPÍTULO 9 (Pasivos Financeiros).

Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Non está previsto a concertación de operación de débeda no ano 2019, estando os investimento financiados na súa totalidade polo superávit orzamentario e por convenios con outras administracións ou se fose o caso.

O estado de ingresos do orzamento cos axustes antes relacionados, e co financiamento extraordinario que supón o Programa Operativo FEDER de Desenvolvemento Urbano Sostible (DUSI), os convenios asinados coa Excm. Deputación de Pontevedra en relación coa infraestrutura viaria e dos investimentos en infraestrutura deportiva e o convenio asinado co Ministerio de Fomento e a Xunta para o cofinanciamento das obras de acceso á Estación do AVE e entrada na Autopista, mantén a estrutura do ano precedente, supondo unha variación positiva estimada en relación co orzamento do ano 2018 nos ingresos correntes non financeiros do 1,8%, o que está a xustificar que haxa capacidade para afrontar a variación do gasto corrente non financeiro, que ten unha variación positiva do 2,16%, que merma o superávit primario. Ao non haber servizo de débeda financeira, o superávit primario é coincidente co superávit total.

Os datos que se amosan nas táboas correspondentes ao ano 2018-2019, son o resultado da consolidación en relación coa Liquidación do ano 2017. Os distintos capítulos son o resultado da suma da Entidade Local e o seu Organismos Autónomo, deducindo a transferencia corrente e de capital que se producen entre a Entidade a XMU e a Fundación MARCO así como a que se produce entre a XMU e a Entidade Local.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 24 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Límite do gasto non financeiro.

O artigo 30 da LOEPSF establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.

A TRCPIB para o ano 2019 aprobada polo Consello de Ministros celebrada o día 20 de xullo de 2018 que foi rexeitada Pleno do Congreso dos Deputados e do Senado en sesións do 27 de xullo de 2018, é do 2,7%. A prorrogação polo acordo de 7 de xullo de 2017, é do 2,7%

O artigo 12.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, establece o sistema de cómputo da regra de gasto. Entenderase por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento.

O artigo 13.3 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información de formación previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, regula a información a subministrar no proceso de formación e aprobación do Orzamento.

A información que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas. É dicir, non require a análise de cumprimento da regra fiscal de gasto ata a liquidación do orzamento. Para o cálculo da regra fiscal de gasto, non se terán en conta os empregos financiados con fondos finalistas, que no orzamento do ano de 2019 teñen a seguinte composición:



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 25 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Subvencións recibidas que son obxecto de axuste na regra de gasto.

Concepto	Institución/CONCEPTO	Importe
45002	Xunta de Galicia/ Plan Concertado. SAF	2.900.000,00
45003	Xunta de Galicia/Cedro	529.746,00
45006	Xunta de Galicia/Libre concorrencia. SAF	115.000,00
42091	Administración Central/Sub. Transporte urbano colectivo	1.148.746,19
46700	Transferencia Consorcio CV. Persoal adscrito	36.799,25
46100	Subvención Deputación plan de promoción turística	270.000,00
Total cap.4		5.000.291,44
72390	Subvención Ministerio de Fomento. acceso AVE por C/Lepanto	5.209.629,23
75060	Subvención Xunta de Galicia. acceso AVE por C/Lepanto	1.209.166,12
76102	Subvención Deputación Convenio carretera Beade-Garrida	1.204.982,11
76103	Subvención Deputación Convenio .carril Bici Teis-Samil	2.137.000,00
76104	Subvención Deputación Convenio carretera Provincial	900.000,00
76106	Subvención Deputación Convenio. Pavillón Ouirós	895.629,32
76107	Subvención Deputación Convenio . inst. Deportivas Romil 77	657.462,69
76109	Subvención Deputación Convenio. inst. Deportivas Baixo G. Río	248.034,32
76114	Subvención Deputación Convenio . cambio céspede C. Fútbol	870.000,00
791	Programa Europeo de Desenvolvemento Urbano Sostible	3.244.381,69
Total cap.7		16.576.285,48
Total (A)		21.576.576,92

Transferencias a outras Administracións, achegas que fai o Concello que non son finalistas e polo tanto non computan na regra de gasto:



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 26 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Aplicación	Institución	Importe
2310.4510000	Consortio Galego de servizos de igualdade, C. Día	350.000,00
3230.4510000	Consortio Galego de servizos de igualdade, E. Infantil	205.000,00
3231.4800000	Convenio coa UVIGO	350.000,00
3231.4890000	Convenio UNED	200.000,00
3330.4890003	FUNDACIÓN MARCO	605.000,00
3330.4890001	FUNDACIÓN LAXEIRO	80.000,00
3330.4890000	FUNDACIÓN LISTE	125.000,00
3410.4890002	FUNDACIÓN VIDE	125.000,00
4320.4890000	FUNDACIÓN CONVENTIUN BUREAO	200.000,00
9420.4680000	ENTIDADE MENOR DE BEMBRIBE	279.000,00
TOTAL (B)		2.519.000,00

INEXECUCIÓN prevista, orzamento consolidado 2019, calculado en termos de obrigas recoñecidas, ao marxe do saldo de compromisos que se incorporen como remanentes ou os créditos dispoñibles con financiamento afectado que tamén serán obxecto de incorporación.

Capítulo	Importe	%Execución	%Inexecución	Imp. Inexecución
1	72.239.398,00	95,00%	5,00%	3.611.970,00
2	124.459.331,00	96,00%	4,00%	4.978.373,00
4	27.657.825,00	97,00%	3,00%	1.106.313,00
6	28.815.846,00	80,00%	20,00%	5.763.169,00
7	1.172.222,00	96,00%	4,00%	46.888,00
Total (C)	253.172.400,00			15.506.713,00



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 27 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

(4) Total axustes Regra gasto (A+B+C): 39.602.228,92 euros.

Verificación do cumprimento da regra fiscal de gasto

Concepto	Contías
Gasto liquidado SEC-2010, 2017 Grupo de consolidación	207.966.392,44
TRCPIB _{2018,2019} (2,4%, 2,7%)	218.707.441,00
Δ Por variación Permanente de ingresos ₂₀₁₈	2.079.725,00
GNF máximo (1)	220.787.166,00
GNF, Orzamento ₂₀₁₉ (2)	-254.944.622,00
Desviación 3 = (1-2)	-34.157.456,00
Axustes (4)	39.602.228,92
Cumprimento 5 = (4-3)	5.444.772,92

O artigo 15.3 dá Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, regula ou contido do informe. O informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da débeda, non se require que na aprobación do Orzamento o informe da intervención se manifeste sobre o cumprimento do obxectivo de cumprimento da regra fiscal de gasto.

Este si é un requisito no informe que se emita sobre o cumprimento das regras fiscais como consecuencia da Liquidación do Orzamento, que se terá en conta aos efectos de aprobar, se fose o caso, o preceptivo Plan Económico Financeiro e o Plan de Axuste, que responderían a un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de incumprimento da regra de gasto.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 28 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Estado de gastos consolidado, incluído a Fundación Marco

Capítulos	Estimación Liquidación 2018	% variación	Estimación Créditos iniciais 2019
A) Detalle de Gasto Corrente N.F			
I	64.538.023,00		72.239.398,00
II	117.529.972,00		124.459.331,00
III	,00		,00
IV	26.363.482,00		27.657.825,00
Fondo de continxencia			600.000,00
Total G. Corrente N. Financeiro	208.431.477,00	7,93%	224.956.554,00
B) Detalle Gastos capital Financ.			
VI	31.444.460,00		28.815.846,00
VII	1.650.000,00		1.172.222,00
Gasto capital NF	33.094.460,00		29.988.068,00
Total Gasto N. Financeiro	241.525.937,00	5,56%	254.944.622,00
C) Detalle Gastos Capital Financ.			
VIII	646.000,00		671.000,00
IX	,00		,00
Total Gasto Financeiro	646.000,00		671.000,00
Total Orzamento	242.171.937,00	5,55%	255.615.622,00



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 29 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Estado de ingresos Consolidado

Capítulos	Estimación D. Reconocidos 2018	Variación	Estimación Previsións iniciais 2019
I e II	118.622.626,00		117.454.226,00
IBI	69.500.000,00		68.990.000,00
IAE	13.800.000,00		13.600.600,00
IVTM	14.709.000,00		14.650.000,00
IIVTNU	6.600.000,00		6.400.000,00
ICIO	1.800.000,00		1.600.000,00
Cesión Tributos Estado	12.213.626,00		12.213.626,00
III	43.946.000,00		39.645.259,00
IV	78.400.000,00		78.248.651,00
FCF	64.200.000,00		65.971.424,00
Resto transferencias e subvencións	14.200.000,00		12.277.227,00
V	2.300.000,00		3.020.200,00
Total I. Corrente N. Financeiro	243.268.626,00	-2,01%	238.368.336,00
B) Detalle Ingresos Capital N.F			
VI	395.000,00		,00
VII	9.400.000,00		16.576.286,00
Ingresos capital NF	9.795.000,00		16.576.286,00
Total Ingresos N. Financeiros	253.063.626,00	0,74%	254.944.622,00
C) Detalle Ingresos Financeiros			
VIII	646.000,00		671.000,00
IX	,00		,00
Total Ingreso Financeiro	646.000,00		671.000,00
Total Orzamento	253.709.626,00	0,75%	255.615.622,00



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 30 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Conceptos	Liquidación prevista 2018	%Variación	Orzamento inicial 2019
Saldo operacións correntes N.F	34.837.149,00		13.411.782,00
Saldo operacións capital N.F	-23.299.460,00		-13.411.782,00
Saldo operacións non financeiras	11.537.689,00	,00	,00
(+/-) axustes, SEC-2010	-2.974.168,00		2.654.066,52
Capacidade (+) / Necesidade (-)	8.563.521,00		2.654.066,52
Débeda viva a 31/07/2018 e prevista no 2019	,00		,00
A curto prazo	,00		,00
A longo prazo	,00		,00
Ratio Débeda viva/ Ing. Corrt. consolidados			

Hai cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, condición que xa se cumpría no marco orzamentario.

En canto a débeda financeira viva, hai que informar que non hai saldos vivos pendentes de amortizar.

Obxectivo de débeda pública.

O artigo 13 da LOEPSF, establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública, que para as Entidades locais foi fixado no referido acordo do Consello de Ministros do 20 de xullo de 2018 no 2,3 % do PIB para o exercicio 2019 , o 2,20% para o exercicio 2020 e o 2,10% para o ano 2021.

Se nos remitimos á prorroga do acordo de 7 de xullo de 2017, o obxectivo de débeda son os seguintes: 2,6% do PIB para o ano 2019 e o 2,5% do PIB para o ano 2020.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 31 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Calquera que sexa o obxectivo, tendo en conta os datos relativos ao primeiro trimestre do ano 2018 publicados polo Banco de España, a débeda das CC.LL, segundo PDE, é de 28.875 millóns de euros, que enfrontada ao PIB esperado do ano 2018, posición máis conservadora (1.193.917 millóns), a porcentaxe sen ter en conta as amortizacións do ano 2018, o coeficiente sería do 2,4%.

A contía que poida figurar na CIRBE a nome do Concello de Vigo, so pode ser por operacións de factoring sen recurso, que dende principios de ano non se están aceptando, e aqueles que eran anteriores e que seguen mensualmente xerando operacións de risco aos efectos do PDE, se está solicitando a novación do contrato.

Pasivos continxentes

Os pasivos continxentes son gastos que, neste caso, unha administración pública terá que pagar se se produce unha determinada situación e cuxa obrigaón non está recoñecida. Estes pasivos poden estar previstos no estado de gastos de orzamentos ou non estalo.

Reflicítese como tal, o gasto que se pode producir pola aceptación á proposta que o Concello formulou aos Accionistas da Sociedade Pazo de Congressos de Vigo, SA, en relación coa resolución do Contrato de Concesión que quedou resolto ope legis co Auto de apertura da fase de liquidación e o concurso da mercantil Pazo de Congressos SA foi declarado fortuíto polo Ministerio Fiscal no seu informe de data 18 de maio de 2018, sendo o devandito importe de 35 millóns de euros.

Da devandita contía, 8 millóns están incluídos no orzamento de ano 2018 coa tramitación do expediente 54/142 correspondente á modificación orzamentaria nº 29/18, na que se reflicten 4 millóns de euros con cargo ao superávit SEC-2010 correspondente á Liquidación do ano 2017 e 4 millóns con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

2,6 millóns de euros, que se incorporarán ao Orzamento do ano 2018 pola tramitación dunha modificación orzamentaria (Xeración de créditos no estado de gastos) pola venda da parcela do antigo Hotel Samil, contía xa ingresada.

O resto, que pode ser aplicable ao Orzamento do ano 2018 ou o do ano 2019, serían recursos obtidos pola venda da zona complementaria do complexo dotacional de Pazo de Congressos: Hotel, Zona comercial, Zona de Oficinas e si fose o caso o Parking.



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 32 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente 56/142

Co resultado financeiro da operación, unha vez que se aprobe con carácter previo polo Pleno da Corporación a División Horizontal do inmoble e se proceda a poxa dos bens que sexan obxecto de venda, se xerará o crédito para facer fronte ao resto da indemnización.

De resultar insuficientes os recursos financeiros obtidos, con cargo ao superávit SEC-2010 da Liquidación do ano 2018, que se prevé positiva, e se fose necesario con cargo ao RLT, se complementarán os recursos para facer fronte a valoración proposta polo Concello.

Conclusión

En cumprimento do acordo do Consello de Ministros do 20 de xullo de 2018, no que se aproban e propoñen os obxectivos de déficit, TRCPIB e Débeda para o ano 2019 ou se non se producise o acordo das Cortes Xerais, se prorrogarían as medidas aprobadas polo Consello de Ministros de 7 de xullo de 2017 e as directrices en relación coas magnitudes tendenciais dadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, nas que se engaden os pasivos continxentes, estas son as liñas fundamentais dos orzamentos para o ano 2019 e a previsión de Liquidación do Orzamento do ano 2018, que serán enviados ao Ministerio de Facenda para dar cumprimento ao requirimento antes do día 14/09/2018.

As variacións máis substantivas son as do Programa Operativo financiado polo FEDER (programa DUSI) e a incorporación tanto no estado de gasto como no de ingresos, os convenios vixentes en relación co cofinanciamento doutras administracións.

En relación cos pasivos continxentes, tendo en conta os recursos financeiros cos que se fará fronte á valoración do inmoble, non xerarán desequilibrios, por ser os mesmos o resultado de operacións de vendas, polo que non computan na regra de gasto, e outra fonte de financiamento e con cargo ao superávit SEC-2010 correspondentes ás liquidacións dos anos 2017-2018.

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O Interventor Xeral Municipal: Alberto Escariz Couso



Copia do documento - Concello de Vigo

Expediente 56/142

Data impresión: 08/01/2019 10:36

Páxina 33 de 33

CSV: 2HEE55-C6E282-B64FA3-5ZJGRE-GRUZX-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>